



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E SETE DE XUÑO DE 2013, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
	D. JORGE CERDEIRA LOURO
	D ^a . BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Escusa asistencia	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día vinte e sete de xuño de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratarse os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (29/05/2013).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e nove de maio do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Ratificación, se procede, de acordo de solicitude dun obradoiro de emprego denominado “Obradoiro de Emprego Vedra-Boqueixón”.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía nº 201/13, de data once de xuño, que di o seguinte:

“Tendo en conta a Orde da Consellería de Traballo e Benestar, do 8 de maio de 2013, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013 (DOG núm. 93/13, do 16 de maio). Ao abeiro da mesma os concellos de Vedra e Boqueixón están a realizar os trámites de solicitude dun Obradoiro de Emprego denominado “Obradoiro de Emprego Vedra-Boqueixón”, que terá dúas especialidades: “Fábricas de Albanelería” e “Traballos de carpintería e moble”, e un orzamento de 373.969,98 euros, dos cales a Consellería de Traballo e Benestar achegará 264.497,40 euros, o concello de Vedra 61.252,74 euros e o



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



concello de Boqueixón 48.219,84 euros. Baseándome nas competencias que me outorga o artigo 21 da Lei de Bases do Réxime Local e demais de aplicación ao efecto

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar o Convenio de colaboración do concello de Vedra e Boqueixón de solicitude, como concellos asociados, dunha axuda para a realización dun Obradoiro de Emprego, e aprobar o proxecto e a solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar.

SEGUNDO.- Dispoñer dos fondos necesarios para a execución do citado proxecto.

TERCEIRO.- Adquirir o compromiso de participar no financiamento da achega municipal correspondente ao concello de Vedra que ascende a 61.252,74 euros.

CUARTO.- Aprobar o seguinte proxecto a executar mediante o Obradoiro de Emprego “Rehabilitación edificacións en estación de Renfe de Santa Cruz de Ribadulla” cun orzamento de 61.252,74 euros.

QUINTO.- Dispor das instalacións necesarias para a execución de ditos proxectos.

SEXTO.- O concello de Vedra asumirá a función de promotor e o concello de Boqueixón a de colaborador. A distribución de funcións realizarase segundo se recolle no convenio de colaboración asinado.

SÉTIMO.- Facultar ao Señor Alcalde-Presidente do concello de Vedra para levar a cabo todos os trámites necesarios coa Consellería de Traballo e Benestar para o proxecto que nos compete.

OITAVO.- Que se dea conta da presente Resolución en Xunta de Goberno.”

Dona Lucía González do PSdeG-PSOE di que o seu grupo vai votar a favor e espera que este obradoiro se materialice.

O Sr. Pose do BNG di que tamén vai votar a favor, só que os obradoiros de emprego son para que a xente aprenda un oficio, polo que lle parece que nestes momentos de crise non ten moito sentido incluír a especialidade de albanelería ou xardinería.

O Pleno , por unanimidade dos asistentes, acorda ratificar o citado acordo.

3º.- Aprobación inicial, se procede, do Plan especial de protección e integración paisaxística de actuación na ordenanza N3 de Fincas Singulares (Fonte de Meire) en Pousada de Abaixo- Vedra.

Téndose solicitado por Pablo Martínez Rodríguez, en representación da Familia Torre, o proxecto do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA de actuación na Ordenanza N3 de Fincas Singulares (Fonte de Meire), no lugar de Pousada de Abaixo na parroquia de Vedra, neste termo, que afecta ao ámbito de solo previsto no vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, na parroquia de Vedra, cualificado como ordenanza N3 - de fincas singulares e redactado por Eduardo Cruz Aguiar e Pablo Martínez Rodríguez, en calidade de arquitectos.



Visto o informe de Secretaría, de data 15 de marzo de 2013, sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, así coma o informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais.

Téndose recibido da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, con data do 16 de abril de 2013, a decisión de non necesidade de sometemento do plan especial obxecto do expediente ao trámite de avaliación ambiental estratéxica.

Téndose solicitado informe sectorial ao titular da estrada provincial CP1202 e á Dirección Xeral de Aviación Civil.

Considerando canto antecede e de conformidade co artigo 86.1, e demais de aplicación, da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e co artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local,

Proponse:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o proxecto do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA de actuación na Ordenanza N3 de Fincas Singulares (Fonte de Meire), no lugar de Pousada de Abaixo na parroquia de Vedra, neste termo, que afecta ao ámbito de solo previsto no vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, na parroquia de Vedra, cualificado como ordenanza N3 de fincas singulares e redactado por Eduardo Cruz Aguiar e Pablo Martínez Rodríguez, en calidade de arquitectos.

SEGUNDO. Abrir un período de información pública durante o prazo de dous meses mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na provincia. Durante o mencionado período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo ou obter copias para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.

TERCEIRO. Notificar individualmente o trámite de información pública aos titulares catastrais das parcelas que conforman o ámbito de actuación, de ser o caso.

CUARTO. Solicitar os informes sectoriais que sexan pertinentes e que deberán emitirse no prazo dun mes, salvo que a lexislación sectorial estableza outro prazo.

A Presidencia expón que se trata dun trámite necesario para poder levar a cabo calquera actuación na vivenda ao tratarse dunha finca catalogada no PXOM como Finca Singular, que no expediente constan todos os informes pertinentes.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta.

4º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

--Á pregunta do PSdG-PSOE sobre da supresión do servizo de autobús para a ludoteca no verán, di que a ludoteca é un servizo creado polo goberno anterior e para eles é fundamental mantelo, pero que ten un custo moi elevado e polo tanto hai que tratar de buscar vías para a súa viabilidade.

Di tamén que a pesares do último incremento das taxas, segue a ser dos máis baratos da zona e tampouco é o momento apropiado para subirlle ás familias os prezos, polo que o que queda é axustar os gastos; posto que o anterior exercicio foi de 45.781 euros supoñendo o gasto do autobús nos meses de verán de cerca de 7.000 euros, co que o custo por neno/a estaría entre 200-300 euros, tendo en conta os que utilizaban ese



servizo, e dado que a ludoteca é un servizo primordial para a conciliación da vida familiar e laboral, este verán optouse por establecer un horario de 8:00-15:00 horas, e se existise algún caso especial, de servizos sociais, como si hai, buscaranse solucións especiais.

Di que a responsable do servizo lle foi informando desta decisión as nais/pais dos nenos/as, e incluso mantivo unha reunión cos eles para explicarlles que era unha cuestión económica, e cre que o entenderon, e que en principio a supresión do autobús non vai ter repercusión no servizo posto que en xullo e agosto do ano pasado inscribíronse un total de 40 e 12 nenos/as respectivamente, e para este ata o de agora hai un total de 35 en xullo e 28 para o mes de agosto.

--Aos rogos e preguntas do BNG a Presidencia contéstalle:

1.-Sobre da emisión a través de “streaming” dos plenos, di que a empresa informática xa veu comprobar a sala, e espera que para o vindeiro pleno xa estea instalado e en funcionamento.

2.- En canto aos 180.000 euros do Plan DTC da Deputación, di que foron xustificados como gasto corrente para poder dispoñer dunha pequena bolsa dentro dos fondos propios do concello para acometer pequenas obras nas distintas parroquias, das que xa se fixeron algunhas obras e a relación illa pasará nestes días. Como a colaboración no parque biosaudable de Santa Cruz, arranxo e ampliación da pista xunto do local social de Illobre; arranxo do campo da festa de Vedra, que en principio non estaba previsto, pero que o solicitaron os veciños; a colocación dunhas reixas no local social de Trobe; entubando no campo da festa de San Miguel, todas elas baixo peticións das AA.VV e dos veciños, e agora seguirán a facerse en todas as restantes parroquias que faltan, sendo a máis custosa a de San Xián, o aparcadoiro, que ten un orzamento de cerca dos 40.000 euros.

3.- Sobre do Plan Especial de protección do núcleo tradicional de Ponte Ulla, di que si se falou coa AA.VV, e que se abriu un período de alegacións informal cos veciños para coñecer os problemas que existían, e cre que todo o que humana e legalmente se podía facer para atender o que ían solicitando intentouse encaixar. A última reunión foi o venres na Xunta de Galicia para ver algunhas matizacións formuladas polos veciños, e que o próximo paso é convocar a Xunta de Voceiros para informar de todo e preparar o expediente para a súa aprobación polo pleno.

5º.- Rogos e preguntas.

--Dona Lucía González do PSdG-PSOE roga que se arranxe o valo da escola de San Fins agora que xa rematou o curso.

A Presidencia di que unha das obras que se vai acometer é o arranxo da pista e tamén o valado, porque o problema que existía era que había que cortar dous eucaliptos.

--O Sr. Pose do BNG di que xa saíu a sentenza do contencioso interposto contra do concello por don Pablo Fragoso, e ao seu favor, incrementándose o custo en 600 euros, o que supón un custo total de 18.600 euros, preguntando de que parte do novo orzamento se vai a pagar?

Pregunta tamén como están as indagacións sobre da urbanización Miradoiro de Sales?. Falouse co colexio de arquitectos e aparelladores para saber se existe ou non fin



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



de obra? . A nova propiedade vai facer algo sobre esas edificacións?. Saben se os viais e beirarrúas están cedidas ou non?

A Presidencia di que lle comunicaron o da sentenza de don Pablo Frago por teléfono, pero que fisicamente aínda non a ten, e que as cifras non son exactamente esas, son menores, e que en calquera caso na Xunta de Voceiros se falará desa sentenza, porque en principio se exceden dun prazo pódese solicitar polo concello a recuperación de gran parte deses salarios de tramitación porque non é culpa do concello que se tarde tanto tempo en resolver o conflito.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e vinte e cinco minutos.